

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

ACORDO:

Na cidade de Ourense, a vintenove de maio de dous mil dous

Visto o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado *Chaira, Navedos, Outeiro de Laixas: integrado por cinco parcelas; Ladeiriña, Mazairas, Outeiro das Millaras e Fraga*, por solicitude dos veciños de Boazo, do Concello da Teixeira (Ourense).

Resultando que con data 28 de xuño de 1999, tivo entrada no rexistro da delegación provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado polos veciños do lugar de Boazo, Concello da Teixeira (Ourense), solicitando se declare o monte *Chaira, Navedos, Outeiro de Laixas: integrado por cinco parcelas; Ladeiriña, Mazairas, Outeiro das Millaras e Fraga* como veciñal en man común.

Resultando que o Xurado provincial en sesión celebrada en data 22 de marzo de 2000, acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a Manuel Bouzas Costa e Miriam Areal López, que aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Pobra de Trives, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños do lugar de Boazo, ó presidente da Deputación provincial



Ourense, ó alcalde do Concello da Teixeira, á Delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e ó xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, á Xerencia Territorial do Catastro, e á Delegación provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, publicándose edictos no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios do Concello da Teixeira, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia estendida ó dorso do edicto polo secretario do citado concello, para que durante o prazo sinalado en edictos os interesados puidesen comparecer ou intervir nel, en defensa dos seus dereitos, e non consta presentada ningunha alegación..

Resultando que a anotación preventiva de iniciación do expediente, se practicou no Rexistro da Propiedade de Pobra de Trives, como segue:

Asento número 1.118, do Diario 19, así como a súa corrección presentada baixo o nº 1.172, Letra A.

Resultando que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

Considerando que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, ten xurisdicción e competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.



Considerando que o tipo de comunidade xermánica que institúe a Lei de montes veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes:

- 1) Que os condominios se unen por vínculos persoais de veciñanza agrupados en parroquias, aldeas, lugares, casaríos ou barrios non constituídos formalmente en entidades municipais;
- 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado;
- 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cota no sentido xurídico-romano;
- 4) Que o patrimonio e a participación é inalleable, imprescritible e inembargable;
e
- 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "*actio communi dividundo*".

Considerando que segundo informacións e testemuños resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños do lugar da parroquia de Boazo, no Concello da Teixeira

Os datos do citado monte son os que se referencian na parte dispositiva deste acordo.



Considerando que das informacóns recollidas resulta que os veciños do lugar de da parroquia de Boazo, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

Considerando que a teor do disposto na Lei de montes veciñais en man común, o expediente de clasificación se iniciou por acordo do xurado, por instancia dos veciños de Boazo, para que este xurado puidese acorda-la iniciación do expediente de clasificación.

Vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento, o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, así como o establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992.

Visto o Decreto 482/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros:

ACORDA:

Primeiro. - Clasifica- lo monte denominado *Chaira, Navedos, Outeiro de Laixas*: integrado por cinco parcelas; *Ladeiriña, Mazairas, Outeiro das Milla*



Fraga, de 69 ha 27 a, aproximadamente en conxunto de superficie a favor dos veciños da parroquia de Boazo, no Concello da Teixeira (Ourense), e cos datos que a seguir se relacionan, coma veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.

Os datos do citado monte son:

Concello: A Teixeira. (Ourense)

Denominación: Monte integrado polos denominados "*Chaira*, , *Navedos*, *Outeiro de Laixas*: integrado por 5 parcelas; *Ladeiriña*, *Mazairas*, *Outeiro das Millaras e Fraga*.

Comunidade propietaria Veciños da parroquia de Boazo.

Superficie: 69 hectáreas y 27 áreas en conxunto, aproximadamente.

Monte denominado: Chaira.

Superficie: 41,7. Hectáreas aproximadamente.

Estremas:

Norte: Propiedades particulares de José Antonio Rodríguez Caneda (parcela do catastro nº 203), e outras propiedades.

Sur: Termo municipal de Montederraño e propiedades particulares de Teresa Enríquez Álvarez e 6 máis (parcela do catastro nº 390), e outras propiedades.

Leste: Estrada de Alenza a Boazo, e propiedades particulares de Germán Fernández Rodríguez e 1 máis (parcela do catastro nº 311) outras propiedades.

Oeste: propiedades particulares de Felipe Rodríguez Cid (parcela do catastro nº 236), e outras propiedades.



Monte denominado: Navedos.

Superficie: 10,1. Hectáreas aproximadamente.

Estremas:

Norte: Propiedades particulares de Luz Pérez Parente (parcela do catastro nº 257b), e outras propiedades.

Sur: Termo Municipal de Montederramo e propiedades particulares.

Leste: Propiedades particulares de David Cid Cid (parcela do catastro nº 357), e outras propiedades.

Oeste: Regato, propiedades particulares de Antonio Armesto López (parcela do catastro nº 254), e outras propiedades.

Monte denominado: Outeiro de Laixas integrado por 5 parcelas.

Superficie: 3,1 Hectáreas en conxunto, aproximadamente.

Parcela nº 1:

Superficie: 0,96 Hectáreas aproximadamente

Estremas:

Norte: Camiño.

Sur: Propiedade particular de Concepción González Méndez (parcela do catastro nº12).

Leste: Propiedades particulares de Concepción Pérez Parente (parcela do catastro nº 9) e outras propiedades.



Oeste: Camiño e propiedade particular de Dolores Armesto López
(parcela do catastro nº 11).

Parcela nº 2:

Superficie: 1,65 Hectáreas aproximadamente.

Estremas:

Norte: Camiño.

Sur: Outeiro de Laixas 4 (parcela do catastro nº 17) e propiedade particular de Eloína Prieto Rodríguez (parcela do catastro nº 44b).

Leste: propiedades particulares de Isolina Pumar Álvarez (parcela do catastro nº 13), Dolores Armesto López (parcela do catastro nº 11) e outro propietario.

Oeste: Camiño, Outeiro de Laixas 4 (parcela do catastro nº 17), Outeiro de Laixas 3 (parcela de catastro nº 19 e propiedade particular de María Concepción Álvarez Lamelas (parcela do catastro nº 387).

Parcela nº 3:

Superficie: 0,2 Hectáreas aproximadamente.

Estremas:

Norte: Propiedade particular de María Concepción Álvarez Lamelas
(parcela do catastro nº 387).

Sur: camiño.

Leste: Camiño.



Oeste: propiedade particular de Luís Fernández Prieto (parcela do catastro nº 21) e propiedade particular de María Concepción Álvarez Lamelas (parcela do catastro nº 387).

Parcela nº 4:

Superficie: 0,25 Hectáreas.

Estremas:

Norte: Camiño.

Sur: Propiedade particular de María Concepción Álvarez Lamelas (parcela do catastro nº 42a).

Leste: Parcela nº 2 (parcela do catastro nº 26)

Oeste: Camiño, parcela nº 5 (parcela do catastro nº 18), parcela nº 3 (parcela do catastro nº 19).

Parcela nº 5:

Superficie: 0,04 Hectáreas aproximadamente.

Estremas:

Norte: Camiño.

Sur: Propiedade particular de Gerardo Crespo Fernández (parcela do catastro nº 35) e outra propiedade.

Leste: Camiño.

Oeste: Camiño.



Monte denominado: Ladeiriña.

Superficie: 1,5 Hectáreas aproximadamente.

Estremas:

Norte: Propiedades particulares de Remedios Iglesias Álvarez (parcela do catastro nº 29), Gerardo Crespo Fernández (parcela de catastro nº 35), e outras propiedades.

Sur: Propiedade particular de Germán Fernández Rodríguez (parcela do catastro nº 206).

Leste: Propiedades particulares de Pura Rodríguez Rodríguez (parcela do catastro nº 171), e outras propiedades.

Oeste: Propiedades particulares de Asunción Pumar Vázquez (parcela do catastro nº 165), e outras propiedades.

Monte denominado: Mazairas.

Superficie: 2,4 Hectáreas aproximadamente.

Estremas:

Norte: Propiedade particular de Álvaro Fernández Rodríguez (parcela do catastro nº 6) e camiño.

Sur: Propiedade particular de Santos Rodríguez Rodríguez (parcela do catastro nº 71), propiedade particular de Concepción González Méndez (parcela o catastro nº 12) e outras propiedades.

Leste: Propiedades particulares de Germán Fernández Rodríguez (parcela do catastro nº 74) e outras propiedades.



Oeste: propiedades particulares de Concepción Pérez Parente (parcela do catastro nº 9) e outras propiedades.

Monte denominado: Outeiro das Millaras.

Superficie: 1,5 Hectáreas aproximadamente.

Estremas:

Norte: estrada local Alenza-Boazo.

Sur: Propiedade particular dos herdeiros de Teodoro Rodríguez Fernández e outras propiedades.

Leste: Estrada local Alenza-Boazo.

Oeste: Propiedades particulares de Domingo Rodríguez Lorenzo e outras propiedades.

Monte denominado: Fraga.

Superficie: 11,4 Hectáreas.

Estremas:

Norte: Regato e Termo Municipal de Castro Caldelas.

Sur: Propiedade particular de Guillermo Prieto Rodríguez e outras propiedades.

Leste: Propiedades particulares de Mercedes Rodríguez Pumar (parcela do catastro nº 22) e outras propiedades.


Oeste: Regato, propiedades particulares de herdeiros de Manuel Rodríguez Álvarez (parcela do catastro nº 44), Jesús González Fernández (parcela do



catastro nº 48), Dolores Rodríguez González (parcela do catastro nº 52) e outras propiedades.


Segundo.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor de persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta resolución ó alcalde-presidente do Concello da Teixeira, ós representantes da comunidade veciñal, ó xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser obxecto de recurso de reposición potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos a partir do día seguinte ó da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.)



The block contains a circular official stamp of the 'XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN OURENSE'. The stamp features a central coat of arms. Overlaid on the stamp and extending to the left and right are several handwritten signatures in black ink. Below the stamp, there is a horizontal line with a small handwritten mark resembling a '4' or 'h' underneath it.

A Teixeira (22470-)



PROYECTO DE:
Clasificación de los M.V.M.C. "Chairo, Navedas,
Coteira da Leixas, Outeiro das Milloas, Ladoirín,
Veziras y Fraga" Municipio de A Teixeira - Ourense

ESCALA:
1 : 10000

LANO Nº:

02

O Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense, en sesión celebrada o trinta de setembro de 2003, adoptou en relación co terceiro punto da orde do día, estudo do recurso de reposición formulado polo concello de A Teixeira contra o acordo de clasificación do monte denominado "CHAIRA, NAVEDOS, OUTEIRO DAS LAIXAS, LADEIRIÑA, MAZAIRAS, OUTEIRO DAS MÍLLARAS E FRAGA" clasificado como veciñal en man común en sesión celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil dous, a favor dos veciños da parroquia de Boazo do concello de A Teixeira (Ourense), o **Acordo** que a continuación se reproduce, de conformidade cos seguintes

ANTECEDENTES

I.- O Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común, na súa sesión de vinte e nove de maio de 2002, acordou clasificar o monte denominado "CHAIRA, NAVEDOS, OUTEIRO DAS LAIXAS, LADEIRIÑA, MAZAIRAS, OUTEIRO DAS MÍLLARAS E FRAGA" como veciñal en man común pertencente ós veciños da parroquia de Boazo, do concello de A Teixeira, previo expediente tramitado ó efecto.

II.- O concello de A Teixeira formula en tempo e forma recurso de REPOSICIÓN en solicitude de que se deixe sen efecto a citada resolución por tratarse de montes propiedade do concello, xa que no Inventario de Bens Municipais do concello de A Teixeira figuran como bens patrimoniais os montes: Común da Fraga, Común do Outeiro da Laixa, Común da Ladeiriña Pequena e Común das Chairas (3 parcelas) segundo a certificación expedida polo secretario da corporación.

III.- Con data catro de novembro de 2002 solicítanse ó concello de A Teixeira os documentos acreditativos, nos que se incluírán o de inscrición no rexistro da propiedade, dos montes obxecto do recurso de reposición que



figuran como bens patrimoniais do concello. Tal petición reitérase con data seis de maio de 2003 sen que o concello aporte a documentación requirida.

IV.- Conferido traslado do recurso de reposición ós promotores do expediente de clasificación do monte, presentan alegacións manifestando en resumo que con independencia da inclusión en calquera tipo de rexistro ou inventario, a titularidade dos montes veciñais, tal como establece o artigo 3 da Lei 13/1989 de montes veciñais en man común, e claramente sinala a resolución do Xurado impugnada, corresponde ós veciños de Boazo, non ó concello de A Teixeira, polo que solicitan que sexa rexeitado o recurso de reposición e confirmada a resolución do Xurado provincial de montes veciñais en man común de data vinte e nove de maio de 2002.

V.- Con posterioridade á publicación do acordo advírtese erro na superficie total do monte, sendo a resultante da suma das superficies individuais das diversas parcelas 71 ha 70 a, aproximadamente, en lugar das 69 ha 27 a que figuran no acordo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Na tramitación do expediente de clasificación do monte veciñal que nos ocupa, quedou demostrado que o aproveitamento do monte se realiza en réxime de comunidade xermánica e dende tempo inmemorial, polos veciños da parroquia de Boazo na súa condición de membros da mesma. Concorren pois os requisitos previstos ó efecto no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, para defini-lo monte "Chaira, Navedos, Outeiro das Laixas, Ladeiriña, Mazairas, Outeiro das Millaras e Fraga" como veciñal en man común.



Segundo.- O concello de A Teixeira non aporta a documentación que acredite a orixe dominical pola que os citados montes figuran incluídos no inventario municipal, limitándose a presentar a certificación do secretario da Corporación relativa a este extremo, que en calquera caso é irrelevante habida conta que o artigo 27 do Regulamento de montes veciñais, do 4 de setembro de 1992, establece que non será obstáculo para a clasificación dun monte como veciñal en man común o feito de acharse incluído nalgún catálogo, inventario, ou rexistro público, con asignación de diferentes titularidades, agás que os asentos se practicasen en virtude de sentenza dictada en xuízo declarativo.

Cabe pois, concluir que as alegacións do concello recorrente non desvirtúan os feitos que motivan a clasificación, polo que procede a desestimación total do recurso.

Terceiro.- O artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, permite a rectificación, en calquera momento, por parte da Administración dos erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común

ACORDA


Desestimar na súa totalidade o recurso interposto polo concello de A Teixeira, contra o Acordo do Xurado de data vinte e nove de maio de dous mil dous polo que se clasifica o monte "CHAIRA, NAVEDOS, OUTEIRO DAS LAIXAS, LADEIRIÑA, MAZAIAS, OUTEIRO DAS MÍLLARAS e FRAGA" da parroquia de Boazo, concello de A Teixeira, como veciñal en man común.

Proceder á corrección da superficie total do monte, a cal é de 71ha 70a



Contra esta resolución que agota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Ourense no prazo de dous meses, a partir do día seguinte ó da publicación no Diario Oficial de Galicia (artigos 109 e 116 da Lei 30/92, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa).





PROYECTO DE:
 Clasificación de los M.V.M.C. "Chaire, Navedas,
 Outeiro de Lamas, Outeiro das Millaras, Ladeira,
 Mazallos y Farca" Municipio de A Teixeira - Ourense

ESCALA:
 1 : 10000

PLANO Nº:

1